

## LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º PARCIAL, 2ª AVALIACIÓN

3º ESO

**Nome e apelidos:**

**Curso e grupo:**

**Data:**

**1. Explica que é o amor cortés. 1 PUNTO.**

**2. Nomea e describe brevemente cales son os diferentes estados polos que pode pasar o trobador na cantiga de amor. 1.5 PUNTOS.**

**3. Define coita de amor. 1 PUNTO.**

**4. Indica cal é o procedemento de cohesión empregado. 1.5 PUNTOS.**

a) Maruxa mercou unha saia moi bonita na tenda da praza porque a ela gústalle moito a roupa de alí.

b) As miñas compañeiras tiñan un exame, mais non o puideron facer; estaban todas con febre. Polo tanto, será mañá.

c) Ese rapaz é un vago, tan folgazán é que os compañeiros non queren traballar con el, estes están fartos da súa actitude.

d) Eu, por exemplo, quero estudar Bioloxía.

**5. Completa as oracións cun conector axeitado. 1 PUNTO.**

a) Eu traballo porque me gusta o que fago; eles, \_\_\_\_\_, só queren gañar diñeiro.

b) Vai moito frío, \_\_\_\_\_ non esquezas poñer o abrigo e a bufanda.

c) Onte foi un día horrible: \_\_\_\_\_, non soou o espertador e cheguei tarde á oficina; \_\_\_\_\_, o xefe estaba de mal humor e advertíume de que iso non podía repetirse; \_\_\_\_\_, perdín a tarxeta.

d) Entre todos os medios de comunicación, a televisión é, sen dúbida, o máis penetrante, popular e, \_\_\_\_\_, o máis efectivo; \_\_\_\_\_, produce o efecto desexado.

e) Os medios de comunicación ensínanos a realidade, \_\_\_\_\_ fano á súa maneira.

**6. Clasifica os seguintes substantivos en variables e invariables e logo indica de que tipo son. 1 PUNTO.**

- testemuña:

- tartaruga:

- amante:

- vítima:

- carneiro:

- grou:

- dedo:

- camarada:

**7. Indica o xénero dos seguintes substantivos poñéndolle diante o artigo determinado. 1 PUNTO.**

\_\_\_ labor

\_\_\_ sinal

\_\_\_ legume

\_\_\_ ponte

\_\_\_ cor

\_\_\_ otite

\_\_\_ pe (letra)

\_\_\_ síndrome

\_\_\_ eclipse

\_\_\_ suor

\_\_\_ cárcere

\_\_\_ cume

\_\_\_ diadema

\_\_\_ arte

\_\_\_ sangue

\_\_\_ fel

\_\_\_ mel

\_\_\_ mel

\_\_\_ fraude

\_\_\_ viaxe

